



DOSSIER
PEDAGÓXICO

5 mujeres
que comen
tortilla

Presentámoslles unha serie de actividades que xiran ao redor de *CINCO MULLERES QUE COMEN TORTILLA*, a montaxe da compañía SEÑORA SUPINA.

As actividades van dirixidas aos alumnos de Secundaria e Bacharelato e poden abordarse dende calqueira departamento. Agardamos sexan útiles e proveitosas.


Señora Supina nace en 2016 da man de profesionais da interpretación, da dirección e da escenografía que, tras formarse na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD de Galicia), deciden continuar investigando na comedia e na dinamización.

A compañía busca explorar campos de expresión artística no teatro galego empregando o humor como ferramenta, así como temáticas pouco habituais nos circuítos teatrais de Galicia.

No 2017, foi gañadora dun premio Xuventude CREA coa obra *Cinco Mulleres Que Comen Tortilla*.



Os anos 50: a época dourada!



Atopámonos nun pequeno pobo de Estados Unidos, son os anos 50. Na radio, comeza a soar Elvis Presley. Os cines éñchense para ver as grandes producións de Hollywood con estrelas como James Dean, Marlon Brando ou Audrey Hepburn. Estamos nos Anos Dourados americanos!

Hai unha gran fascinación pola ciencia e a tecnoloxía que xa comezan a traer grandes cambios: as televisións, os contestadores automáticos para os teléfonos e, ata os primeiros ordenadores comerciais. Incluso as películas da época terán como temas principais a ciencia ficción e as viaxes espaciais. Até os novos coches estarán inspirados para a súa fabricación na tecnoloxía espacial (grandes, baixos e longos, luxosos e cómodos), e esa estética tamén entrará nos fogares cos electrodomésticos como as lavadoras, os frigoríficos ou os aspiradores de po.

Os Estados Unidos convértense nun modelo de prosperidade e confianza xa que desenvólvense niveis de benestar social moi elevados grazas ás melloras na calidade de vida e nas telecomunicacións. Mentres que en Europa os produtos que se fabrican seguen o estilo modernista da Bauhaus, presentado deseños focalizados na funcionalidade e durabilidade das cousas, os americanos disfrutan producindo bens pouco durables para o consumo. Os 50 son unha década de grandes implicacións na comunicación, pois é nesta época onde os anuncios e propagandas invaden a radio e a televisión, chegando de forma masiva aos fogares.

O patrón de beleza nos anos 50 tamén sofre un gran cambio en comparación á década anterior. En canto aos 40 foron marcados polas curvas da marabillosa Marilyn Monroe, os 50 traen á moda os corpos moi estilizados. Agora, a loira de moda é a francesa Brigitte Bardot. Aínda que a muller é cada vez mais independente, ela aínda ten a función principal de ama de casa, esposa e nai (e enriba fan todo en tá-cóns!)

Co fin da escaseza da posguerra, a beleza comeza a ser considerada un tema importante pola industria. Así, era a época de coidar da aparencia tentando sempre dar unha imaxe sofisticada. Foi entón cando a alta costura e a cosmética desenvolveranse sen precedentes.

INVESTIGA

1. Investiga sobre a música de moda nos anos 50 en Estado Unidos e como influíu na música europea e española dos 50 e dos 60. Por que foi tan importante Elvis e a súa música?
2. A década dos 50 tamén foi unha época dourada para o deseño e a publicidade. Busca cartaces e imáxes publicitarias da época e analiza os estereotipos que nela se mostran. Que tipo de produtos atopas que teñen moita presenza?
3. Como definirías a chamada “American way of life” e cales son as súas características. Que papel ten o cinema americano na difusión da mesma?

Os anos da Guerra Fría



A política da época estivo marcada polo enfrontamento entre as principais potencias mundiais, gañadoras da **Segunda Guerra Mundial** (1939-1945). Por unha banda, atopábase o bloque comunista, liderado polo que entón era a Unión Soviética, e pola outra, o bloque capitalista, con Estados Unidos no mando. Os dous bloques mantiveron unha tensa relación que ameazou co desencadeamento dun terceiro grande conflito.

Guerra Fría (1945-1989) é o nome que recibiu esta tensión entre capitalistas e comunistas a nivel mundial. Recibe ese nome porque (por sorte!) nunca chegaron a enfrontarse directamente nun conflito armado. Pero o feito é que os dous bandos tiñan bombas atómicas. E foi por iso que, sabendo as catastróficas consecuencias de esa posible terceira guerra mundial, e que iso suporía non só a destrución do inimigo senón tamén de boa parte do planeta, mantiveron as bombas ben gardadiñas.

Cada bando entón comezou a sacar proveito da oportunidade de expandir o seu dominio e influencia polo mundo. Coma se dunha partida de Risk se tratara, os países foron aliándose e organizándose militarmente. En 1949, créase a **Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN)**, coa participación dos Estados Unidos, Canadá, Portugal, Italia, Noruega, Dinamarca, Islandia, Bélxica, os Países Baixos, Luxemburgo, Francia e Reino Unido. (España, en plena ditadura franquista, é allea a estes movementos sociopolíticos). E uns anos despois, tamén o fixeron oficial os aliados da Unión Soviética: Alemaña Oriental, Bulgaria, Hungría, Polonia, Checoslovaquia e Romanía que firmaron o **Pacto de Varsovia** en 1955. O obxectivo das dúas alianzas era garantir a protección mutua dos seus membros e así, en caso de que algún dos países fose atacado, os seus aliados deberían intervir e/ou enviar axuda.

Xa dixemos que Estados Unidos e a Unión Soviética non chegaron a ter un combate directo, pero si enfrontáronse de forma indirecta, implicándose nos conflitos de países periféricos, como a **Guerra do Vietnam** (1959-1975), a **Guerra de Corea** (1950-1953) e a **Guerra de Afganistán** (1979-1989), onde cada potencia apoiou de forma bélica un grupo armado diferente, co fin de que os seus intereses fosen defendidos naquelas rexións.

Os investimentos en tecnoloxía, armas e propaganda foron elementos centrais na Guerra Fría. Cada lado ansiaba demostrar ao resto do mundo a súa superioridade e a do modelo económico que defendía. (Resumindo, querían demostrar quen tiña o foguete mais longo, como se demostrou na loita por chegar á Lua). A competición chegou a pasar incluso os límites xeográficos do planeta Terra, e no final da década de 50, coa chamada **Carreira Espacial**, os Estados Unidos e a Unión Soviética disputaban a conquista do espazo. Neste punto, gañaron os soviéticos que en 1957 lanzaron o primeiro satélite artificial do planeta, o Sputnik.

Con todo isto, nos Estados Unidos xurdiron ou fortificáronse dúas mentalidades. Os estadounidenses, que sempre foron moi patriotas, agora o son aínda mais. (Se non o crían eles, como poderían convencer ao resto do mundo de que eran a mellor e maior potencia?) E ao mesmo tempo, un pánico xeralizado que facía que todos estivesen obsesionados cos comunistas e un posible ataque o que fixo que se consolidase unha industria baseada na protección e a seguridade. Comezaron a construír **búnders**, a instalar sistemas de seguridade e a almacenar comida en caso de que a temida bomba atómica comunista chegase e destruíse todo. Tamén comezou unha especie de caza aos espías soviéticos, xa que temían que houbesen infiltrados na comunidade. Eses dous sentimentos, de euforia e pánico fixo das décadas dos 50 e 60 fosen moi intensas para a terra do Tío Sam.



EXERCICIOS

Para a clase de Lingua e Literatura ou de Teatro

1. Escribe unha escena teatral contextualizada nos anos da Guerra Fría. Comeza por facer un esquema inicial do que sucede na escena, as características psicolóxicas e físicas dos personaxes e a configuración do espazo onde sucede a acción.
2. Pensa cales son os compañeiros que mellor poden encaixar nos personaxes (voz, entoación, físico, etc) e entrégalles o texto que para facer unha lectura dramatizada.
3. Escribe un pequeno monólogo no que se revele o que pensou e sentiu cada un dos personaxes durante o anterior diálogo. Podes xogar co “fluxo da conciencia”, é dicir, podes escribir cunha sintaxe desordenada que imita o pensamento libre e descontrolado.
4. Esta obra defínese como unha comedia. Coñeces os rasgos que definen este xénero? Busca información no teu libro de texto ou nun manual de Historia da Literatura sobre os tres grandes modelos dramáticos e resume brevemente as súas características nunha táboa coma esta:

	Traxedia	Comedia	Traxicomedia
O seu argumento acostuma a ser...			
Os seus personaxes son...			
O seu final é...			
A linguaxe tende a ser...			
Son exemplos deste xénero - En teatro: - En cine: - En televisión:			

5. En que xénero ubicarías a túa escena? Por que? Que cambios terías que facer para que fose doutro xénero? Reescribe a túa escena cambiando de xénero a mesma e volve facer unha lectura dramatizada.

EXERCICIOS

Para a clase de Educación Plástica e Visual

1. Baséate na sinopse da obra e propón un posible cartel para a obra. Podedes desenvolver a nova proposta en grupos ou parellas empregando a técnica que prefirades. A continuación, explica as decisións creativas que tomaches e comenta o que representan as imaxes que escolliches.

Ano 1956, América. A Sociedad de Susan B. Anthony das Irmás de Gertrude Stein celebra o seu tradicional Concurso Anual de Tortillas. Este idílico encontro, no que renderán culto a un dos produtos máis maravillosos do mundo: o ovo, vese truncado cando as mulleres teñen que enfrontarse á caída dunha bomba atómica na súa localidade. Son as últimas superviventes e o medo trae confesións e historias do pasado que farán que cada vez se reafirmen máis na idea de que a tortilla é o máis importante que teñen nas súas vidas.

2. A obra desenvólvese nun centro comunitario dos anos 50 americanos completamente equipado como un búnker de seguridade. Deseña a posible escenografía da obra tendo en conta a estética dos anos 50 (podes buscar imaxes en películas, outras obras de teatro ou de espazos reais como inspiración). Ten en conta que o espazo sexa practicable, é dicir, que poida dar o maior xogo escénico posible. Podes crear unha pequena maqueta e iluminala con lanternas.

3. Collendo a descrición dos seguintes personaxes, fai un deseño de vestuario para a obra. Recorda a época na que se desenvolve a peza e que se trata dunha comedia. Podes empregar a técnica que desexes (collage, debuxo, modelaxe, montaxe fotográfica...)

- **Wren Robin:** é unha muller duns 30 anos, moi cursi e moralista destaca polo seu afán de protagonismo. Para ela dar boa imaxe é fundamental. Robin é a responsable de eventos da Irmandade polo que coida moito todos os detalles do Concurso Anual de Tortillas e a decoración do centro comunitario.
- **Lulie Standwick:** é a presidenta da Irmandade e ten uns 40 anos. Nunca esquece dar a súa mellor cara ao resto das irmás aínda que ten moito carácter. Quere ser recordada como a mellor presidenta e gañar a súa enemiga Marjorie á que sempre ataca sibilinamente.
- **Ginny Cadbury:** é a mais nova das irmás con 20 anos recién cumpridos. É británica e recién chegada á América. A secretaria da Irmandade sempre quere gañar o respecto do resto das súas compañeiras pero a súa torpeza non xoga ao seu favor. É demasiado despistada e un pouco chosca.
- **Vern Shultz:** ten 30 anos e é aenseñeira que construíu o búnker. Unha mistura de rudeza e feminidade que contrasta coa excéntrica Robin, ámbalas dúas acostuman a discutir constantemente por todo. É un chisco pudorosa e despista pero unha manitas en toda regra.
- **Dale Priest:** a historiadora da Irmandade non se separa da súa cámara de fotos. É inocente e gústalle pasar desapercibida. Atlética e feminina, Dale é a máis valente de todas as irmás.

O camiño do Feminismo



Para falar do feminismo deberíamos comezar polo principio... ou polo menos dende algúns anos cara atrás. Infelizmente a historia pola igualdade non é tan antiga como desexaríamos pero collámolo dende a época vitoriana, por exemplo.

Naquela época, ao igual que nas anteriores, a muller era vista coma un ser inferior aos homes e non tiñan os mesmos privilexios que eles (ler, escribir, estudar, loitar na guerra... non tiñan ningunha posibilidade de escoller o seu futuro). Diante disto, a figura feminina foi construída nunha sociedade patriarcal, onde as funcións das mulleres eran apenas como nais, esposas e amas de casa. Non se lles permitía traballar fóra de casa e moito menos ter calquera tipo de relación coa política ou a economía.

Na **Revolución Francesa** (1789) a “Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán” escrito no ano da Revolución, foi combatida pola “Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá” escrita pola feminista francesa **Olympe de Gouges** en 1791. No documento, falábase da importancia da igualdade entre homes e mulleres e facíase crítica á Declaración da Revolución xa que só era aplicada aos homes. Por este motivo, a revolucionaria foi executada en 1793, sendo considerada un referente do feminismo mundial e facendo que xurdisen diversos movementos feministas posteriores.

Con un lento e rigoroso traballo, a muller foi conquistando o seu espazo na sociedade. A partir da **Revolución Industrial**, o panorama sofre un cambio substancial. As mulleres comezan a traballar nas fábricas, sendo parte da forza económica do país. Así, pouco a pouco, os movementos feministas espallados polo mundo foron tomando corpo e cada vez loitando mais e acadando dereitos dos cales os homes xa gozaban hai séculos: dereito á educación, ao voto, a ter contratos, a ter unha propiedade...

Pero non foi ata o século XX onde o movemento feminista, chamado e recoñecido como tal, puido gañar peso a nivel occidental. Os anos 50 servirán de quecemento para o comezo da historia do feminismo contemporáneo que non estoupará ata a década seguinte, coa que se chama “a **segunda onda feminista** da liberación da muller”.

Despois de conquistar aqueles primeiros obxectivos do feminismo, agora a loita centrábase en conquistar outros espazos na sociedade: a sexualidade, a familia, o divorcio, o mundo laboral, a igualdade salarial...

Con esta época de guerras onde os Estados Unidos estaban moi implicados, moitos homes marcharon á guerra, deixando as fábricas con poucos traballadores. Non tiveron entón mais remedio que aceptar, e incluso invitar, as mulleres a traballar nos postos de traballos antes ocupados polos seus pais e maridos. Isto vese claramente en campañas con famosos carteis como o “*We can do it*” que converteuse nun símbolo feminista ata hoxe. Definitivamente, foron as mulleres as que salvaron a economía mantendo o país en marcha mentres os homes estaban a milleiros de quilómetros.

En España, o feminismo foi concibido doutro xeito. Na época de **Emilia Pardo Bazán** e **Concepción Arenal**, finais do século XIX, estabase a xestar ao outro lado do Atlántico, o Sufragismo e a loita pola votación do feminismo. A loita que se estendeu a Inglaterra e Alemania, pero que polo momento non tiña lugar en España e non tiña lugar porque vivía nun réxime ditatorial no que o voto nada cambiaría a situación política e social do momento.

A comezos do século XX xurdiron grandes mulleres feministas: **María Lejárraga** (máis coñecida como María Martínez Sierra), **Margarita Nelken**, **Clara Campoamor**. A República intensifica a presenza de mulleres nas universidades, pero a II República é crucial, cos cambios no marco normativo favorecendo significativamente os dereitos das mulleres españolas: recoñecemento do voto feminino, recoñecemento do matrimonio civil e divorcio, recoñecemento dos dereitos parentais das mulleres sobre os seus fillos, eliminación do crime de adulterio para as mulleres e toda a lexislación laboral que ten que ver coa igualdade de remuneración entre homes e mulleres.

Estábanse tomando pasos enormes dende o punto de vista legal, pero o cambio de mentalidade no comportamento cotián non estaba a acontecer. Neste ambiente, só unha muller loitou por obter o voto feminino: Clara Campoamor.

A pesar destes avances, houbo pouco espazo para que o cambio se fixese realidade e coa chegada do franquismo as mulleres promotoras e protagonistas do cambio exiliarónse e os avances cesaron durante 40 anos.

Nos anos 70 comeza a tomar forma un movemento que recollía os avances acontecidos en América. Franco morreu en 1975 e dúas semanas máis tarde celebrouse en Madrid o “Primeiro Día da Liberación das Mulleres”.

A loita do movimento LGBTI



A partir da década dos anos setenta do século XX, a loita polos dereitos LGBT expandiuse por moitos países, xeneralizándose en todo o mundo. O **maio do 68 francés** e as loitas polos dereitos civís nos Estados Unidos serven como a etapa inicial dun movemento que está empezando a expandirse gradualmente, tamén relacionado co crecente aumento do movemento feminista. Así, en xuño de 1969, ocorre a chamada “**Revolta dos clientes da Stonewall Inn**” en Nova York, considerada un hito na loita polos dereitos do colectivo.

O 28 de xuño de 1969, Stonewall Inn, un pequeno establecemento de copas situado en Nova York, amaneceu cos disturbios xurdidos cando a policía tentaba, como de costume, reprimir as actividades do colectivo gay que o frecuentaba. Era costume da policía colarse nos bares de ambiente, intentando convencer a alguén de ter relacións sexuais, e con esta trampa deter á xente, pero o seu obxectivo real era acabar cos lugares de encontrolésbico e gay. Ese día a situación desbordou as expetativas e os reprimidos rebeláronse, sendo centenaes os detidos tras tres días de protestas en aumento.

Este episodio marcou un antes e un despois na historia do colectivo, xeralizando o activismo cidadán a favor dos dereitos LGBT e normalizando as accións de liberación. Stonewall tamén foi importante pola inclusión de “drag queens”, personas trans e a loita contra a patoloxización da diversidade sexual.

O Día do Orgullo Gay, ou **Día Internacional do Orgullo LGBT**, celébrase en todo o mundo precisamente os días 28 de xuño, ou o sábado máis próximo a esa data, e é tamén coñecido como Festival Mundial do Orgullo Gay (“World Pride” en inglés). As máis multitudinarias marchas, marcadas pola presenza dos símbolos do orgullo gay (a bandeira multicolor do arco da vella e os triángulos rosas), os espectáculos lúdicos e as reivindicacións lexislativas, celébranse tradicionalmente en Madrid, París e Sao Paulo.

Na década dos noventa do século XX xorde e se populariza o termo **LGBT** para englobar baixo unha mesma denominación a lesbianas, gais, bisexuais e trans. Así, o uso moderno do termo tende a xeralizar cada vez máis a natureza aberta e crecentemente diversa das culturas de identidade de xénero e sexualidade, transcendendo a estes catro colectivos para referirse, sinxelamente, a alguén que non é heterosexual ou que non é cisxénero (termo que indica que unha persoa que no é transxénero, unha persoa con xénero e sexo alineados).

A consolidación do movemento LGBT, concentrado en combater a homofobia e esixir lexislacións modernas e igualitarias, está por todo o mundo. Os avances son sostidos. O matrimonio entre persoas do mesmo sexo, a penalización do comportamento homofóbico e a **despatoloxización da homosexualidade e a transexualidade** figuran entre os logros máis claros do colectivo.

No ano 2008, Francia e os Países Baixos solicitaron á ONU, por medio do seu embaixador acreditado, a despenalización do LGBT a escala mundial. A este pedido enfrentáronse inicialmente o Vaticano e a Organización da Conferencia Islámica. Unha resolución posterior a favor da despenalización obtivo o voto de 66 países. Rusia e China opuxéronse.

En xeral, nos países africanos e musulmans o colectivo LGBT é altamente reprimido, con base incluso nas leis vixentes dos países. Por outra banda, entre os máis desenvolvidos nesta materia figuran varios países de Europa e América do Norte: Canadá, Dinamarca, Islandia, Suecia, Noruega, Holanda, Bélxica, Portugal e España. Nestes últimos a igualdade matrimonial xa é legal.

EXERCICIOS

Para a clase de Ética ou Filosofía

1. En grupo, organizade un debate sobre o seguinte tema:

A presenza do machismo na sociedade actual

Podedes seguir estes pasos:

- Fai grupos de catro a seis membros.
- Cada grupo buscará noticias actuais que destaquen:
- Sucesos e datos de índole machista.
- Medidas e avances cara á igualdade real.
- Cifras e estatísticas sobre igualdade entre homes e mulleres na actualidade.

Discutide en cada un dos grupos a posición que ides defender e buscar argumentos para sostelo. Plantexade o debate e intentade acadar, entre toda a clase, unha conclusión final que responda a esta pregunta: ¿Vivimos aínda nunha sociedade machista?

2. A obra presenta a Sociedade de Susan B. Anthony das Irmás de Gertrude Stein. Investiga quen son Susan B. Anthony e Gertrude Stein e sinala a súa importancia para o feminismo en relación á súa época. Que vinculación temática crees que teñen coa obra?

3. Busca novas LGBTI sobre o acoso nas aulas, agresións por ser homoxesual e outras situacións de rexeitamento a este colectivo. Que puntos en comun teñen? Que medidas propós para que non volvan a suceder?

EXERCICIOS

Durante a función

Non son realmente actividades, pero se prestas atención aos seguintes aspectos desfrutarás moito máis da función:

1. O decorado, os traxes, a iluminación, a música ... contribúen á comprensión do traballo ou a distraer? Axudáronche a comprender o traballo ou estiveches confundido?
2. Observa a perspectiva e a estética coa que se presenta a escenografía. Pensas que a decisión da escenófraga ten algún significado? Cales?
3. Observa o vestiario. Crees que axudan a destacar o carácter dos personaxes?
4. Pensas que o director conseguiu harmonizar todos os aspectos da posta en escena como nunha orquesta, ou hai algo que non encaixa? Conseguiu chegar ao público?
5. En canto ás actrices, reflicten ben o contido da obra, están na situación, teñen boa dicción, saben como reflectir emocións?
6. Cal é o personaxe co que máis che identificas? E o que nunca te representaría?
7. Que che di o traballo? Hai algo (personaxes, situacións ...) que che gustase especialmente? Que emocións ou sentimentos espertaron en ti?